

Altamira



REVISTA INFORMATIVA DO CONCELLO DE BRIÓN



■ ENTREVISTA
 - José Luis Freire Rodríguez:
 Presidente da Comunidade
 "Monte Devesa"

■ NOTICIEIRO
 - Plan especial
 de reparacións
 -Inaugurado o
 local social de
 Boullón

■ DOSSIER:
 -A revista de
 Altamira cumpre,
 neste ano, seus
 10 anos de
 publicacións

■ O CAADEIRO
 - Eleccións
 Municipais
 - Programa
 de actividades
 de verán

REVISTA ALTAMIRA

REVISTA Nº 34
ANO XI
ABRIL 1995
DEP. LEGAL: C-827-85

EDITA:
CONCELLO DE BRION
Casa da Cultura
Tlf: 887006
Fax: 887431

DESEÑO, MAQUETACION
FOTOMECANICA E
FILMACION
Publiedisa:
Milladoiro 121-3ªA
Tlf 52 32 58

FOTOS
El Correo Gallego

IMPRIME:
Graficolor MINERVA
Polígono Tambre
Tlf: 587933

DIRECTOR:
X. Ramón Pais Andrade

CONSELLO
REDACCION:
Luciano Pena Andrade
Manuel Vidal Cajuso
Alberte Alvarez Escudero
Xosé R. Vieiro Nogueira
Moisés Lozano Paz
Mª Victoria Varela
Rodriguez

de REFLEXION

A DEMOCRACIA ESPAÑOLA

DESPOIS DUNHA LONGA dictadura, os cidadáns españois poidemos disfrutar co nacemento dun aforado sistema democrático, co que non só acadamos un maior respecto ós nosos dereitos individuais e colectivos, senón que tamén deixamos de estar aillados no contexto dos países europeos e mundiais democráticos.

PARTICIPAMOS co noso voto nas eleccións dos parlamentarios en Madrid e Bruxelas, dos parlamentarios na Comunidade autónoma galega e dos concelleiros nos municipios.

NOS PRIMEIROS anos a Unión de Centro Democrático levou a cabo o proceso de transición política dunha dictadura a unha democracia de maneira totalmente pacífica, facendo do diálogo e do consenso unha das maiores virtudes democráticas. O protagonismo de políticos centristas, que querían cada vez máis poder e provocaron liortas internas, e o avance do socialismo fixeron que este proxecto político desaparecese progresivamente.



OS SOCIALISTAS gañan as eleccións de 1982, a pesar das grandes reticencias de sectores aínda familiarizados coa mentalidade dictatorial que intentaron sementar dúbidas sobre a ideoloxía desta opción política democrática cos socialistas cosolidaron a democracia e intentaron o chamado «Estado de benestar social», que se concreta nunha serie de medidas sociais de atención ós máis desfavorecidos e na implantación dunha progresiva universalización dos servizos sanitarios e educativos. Os sucesivos triunfos e maiorías electorais foron pervertendo a varios «infiltrados», que ocuparon cargos de responsabilidade e que sen a mínima ética caeron na corrupción, no fraude e mesmo no roubo. Este mesmo exemplo cundeu nalgúns sectores da sociedade civil. Esta situación foise deteriorando ata a actualidade e, parte por todas estas razóns obxectivas e en parte, por unha oposición, que dende o primeiro momento das últimas eleccións de 1992 utiliza tódolos medios e acusacións o seu alcance para pedir eleccións anticipadas.

DESTA SITUACION son culpables sobre todo os socialistas, pero tamén algúns partidos da oposición, porque no seu momento silenciaron situacións antidemocráticas (por exemplo, o Gal) e agora hipocritamente utilizan o puro oportunismo político. Uns e outros miran só o seu interese político e partidista, pero cae na tremenda irresponsabilidade de fomenta-la contaminación moral na Xustiza, na sociedade e na propia democracia.

A DEMOCRACIA, é o único sistema político que permite unha convivencia pacífica, tolerante, solidaria e respectuosa cos dereitos de tódalas persoas. Non podemos permitir que unha minoría de corruptos deben remediar esta situación.



PIROTECNIA "LOPEZ"

OS ANXELES

TLF: 887278



SOCIEDAD ANONIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

Rúa do Vilar, 31-1º
Tlf: 58489

SANTIAGO DE COMPOSTELA

SONDEOS SAR, S.L.



CAPTACIONES DE AGUA GARANTIZADAS
POZOS DE BARRENA VARIOS DIÁMETROS
PERFORACIÓN EN HORIZONTAL
TOMAS DE TERRA
INSTALACIONES DE BOMBAS

POZOS DE BARRENA

DELEGACIONES:

BASTAVALES - BRIÓN - Tlf. 88 86 84

SARANDON - VEDRA - Tlf 50 20 52

Telf Móvil 908-687009 SANTIAGO

JOSE LUIS FREIRE RODRIGUEZ: Presidente da Comunidade de Veciños "Monte Devesa"



JOSE LUIS FREIRE RODRIGUEZ ten 42 anos, é natural de Outeiro de Rey, na provincia de Lugo, e traballa de realizador na Radio Galega dende hai dez anos. Por motivos profesionais comezou residindo en Santiago ata hai case dous anos en que se instalou coa súa familia na urbanización Monte Devesa, nos Anxeles, sendo nomeado presidente desta comunidade de novos veciños hai un ano, con ocasión da súa constitución.

Aínda que algúns os consideren como recién chegados, o feito é que dende hai case dous anos os novos veciños de Monte Devesa forman xa parte dunha nova realidade do noso Concello e esfórzanse por integrarse cada día máis na nosa pequena comunidade que lles ofreceu, como ningunha outra, todo aquilo que viñan buscando cando decidiron virse coas súas familias a vivir a Brión. Para face-lo mesmo esforzo pola nosa parte e interesarnos polos motivos que induciron a toda esta xente a vir aquí a vivir entre todos nós, falamos con José Luis Freire, presidente desta nova Comunidade de Veciños.

- A comunidade de "Monte Devesa" leva habitada dende hai case dous anos, para comezar a coñecernos un pouco mellor, ¿podería decir-

”Aínda que tiñamos os pais moitas dúbidas ó primeiro pola integración dos nosos fillos, temos que dicir que son os que se atopan máis felices aquí

nos cantos veciños a compoñen e de onde proceden?

- A urbanización "Monte Devesa" está composta de 51 vivendas das que tan só sete non están ocupadas permanentemente, pois os seus propietarios úsanas por temporadas; só tres delas están ocupadas por familias que viven alugadas.

A procedencia dos que nelas vivimos é moi variada, pero coa coincidencia de que, por razóns laborais, anteriormente viviamos en Santiago en pisos alugados; polo tanto hai que suliñar que todos somos novos veciños de Brión.

- Neste momento, ¿cantos xa están censados no concello de Brión?

- Sen sabelo con enteira certeza, penso que un pouco máis da metade. Neste sentido estamos a facer unha campaña para que se censen os que faltan; pero ocorre que moitos deles, aínda que teñen a sensibilidade de facelo, non o fan de momento por non perde-los dereitos escolares para os seus fillos no concello de procedencia.

- ¿Resultoulles difícil tanto a vostedes como ós seus fillos a integración no noso concello?

- Tódolos pais que residimos aquí, tiñamos unha idea clara do que queriamos e escollemos Brión despois de percorrer tódolos arredores de Santiago buscando un sitio idóneo para establece-lo noso fogar familiar. De Brión chamounos a atención a súa paisaxe, o seu clima peculiar e, sobre todo, as súas Normas de Planeamento que buscan principalmente un urbanismo no que prima a calidade de vida sobre outros intereses, e que contrasta moi favorablemente cos concellos veciños.

Referente os fillos que oscilan de cero a 17 anos, tódolos pais confirman que ó principio tiñan bastantes dúbidas pola integración deles, pois sempre lles resulta máis difícil deixa-lo seu ambiente e integrarse nun novo no que hai que facer novos amigos. Agora todos dín que eles son os máis felices pois poden xogar fóra moito máis que antes sen correr ningún perigo; pásano tan ben que apenas senten a necesidade de ir a Santiago.

- ¿Que aspectos positivos atopa para vivir nunha urbanización como esta do "Monte Devesa"?

- Persoalmente considero que o meu

Entrevista

modo de vida ideal sería vivir nunha casa aillada integrada nunha aldea, pero para a miña filla que ten agora 4 anos tería o mesmo inconveniente que vivir nun piso no que apenas ía ter ningunha capacidade de relación, a non ser que tivese máis irmáns ou eu tivese moito máis tempo para adicarlle. Precisa-

” **A pesar de ter que percorrer cada día para ir e vir do traballo 84 quilómetros, non cambiaría, por nada do mundo, onde vivo en Brión por ningún outro lugar máis preto como, por exemplo, Bertamiráns.**

mente por eso escollemos este modelo de urbanización onde ela pode saír fóra da casa soa sen temor a accidentes e con moita máis capacidade de relación social cos veciños; penso por eso que esta é a forma ideal de vivir para unha familia con fillos.

- Atoparon moitas dificultades á hora de deseñar e levar adiante este importante proxecto de urbanización no que agora viven?

- Ó primeiro todos nos estabamos Integrados nunha cooperativa de 1.500 socios que tiñamos pensado construír en Fontiñas, pero como este primeiro proxecto foi inviable este grupo inicial disgregouse en varias cooperativas que foron realizando os seus diferentes proxectos: uns en Vidán, outros no Milladoiro e, outros aquí en Brión polas razóns antes expostas.

Neste sentido teño que dicir que o concello de Brión dende o primeiro momento prestou a súa total colaboración para deseñalo proxecto, outorga-las licencias e executa-las obras en total concordancia coas Normas de Planeamento coas que estabamos dende un principio de acordo e en total sintonía cos seus criterios de todo tipo. Precisamente, por esa mutua coincidencia, cando a Comunidade de veciños de Monte Devesa, que eu presido, decidíu hai pouco repoboar con árbores a zona verde que rodea a urbanización para reduci-lo impacto ambiental que

esta construción ocasionou, dende as Torres de Altamira parece como se se lle dera un hachadazo ó monte, e restituí-la paisaxe da zona, atopámonos novamente coa coincidencia de criterio e, por tanto, co total apoio do concello.

- Como Comunidade de Veciños ¿teñen un programa de actividades propio ou, pola contra, participan nos programas de actividades que organiza o concello?

- Esta urbanización no seu deseño inicial proxectou a construción dunha piscina e de varias canchas de tenis como medio para poder desenvolver algunhas actividades propias dentro da urbanización e nese sentido engadíuse un parque infantil e está en proxecto a construción dun local social para que a xente poida relacionarse un pouco máis e os xoves poidan desenvolver actividades durante todo o ano dentro da urbani-

cantas actividades organiza o concello, pois sintense, máis que nós os maiores, uns veciños de Brión.

Precisamente, con ocasión da fogata de san Xoán nun primeiro momento tiñamos pensado organizar nos unha propia, pero para non aillarnos do resto dos veciños e que non

” **No caso de que se faga outra nova urbanización, temos-la plena confianza en que este concello sempre velará porque se respecten as Normas establecidas que son as que escollemos por ofrecer a mellor calidade de vida**



José Luis Freire como presidente da comunidade de veciños de Monte Devesa loita pola integración total dos novos veciños na realidade social e cultural de Brión.

zación, cousa que cremos necesaría. Para todo o demáis os nenos participan en todas

” **Tódolos veciños de Monte Devesa temos claro que se algún día cambiásemos as Normas de Planeamento deste Concello e variásemos esta forma de vivir que escollemos, pensaríamos en irnos**

nos visen como unha especie de novos ricos que non se relacionan con ninguén, pensamos que o mellor era integramos na fogata que tradicionalmente se fai no cruce dos Anxeles.

- ¿ Que lle diría a xunta directiva da Comunidade de Veciños e ó resto dos cidadáns de Brión?

- Pois aínda que nos resulta difícil integramos no concello dun xeito total pois somos xente que traballamos fóra e vimos de fóra, a nosa intención é de ser uns veciños de Brión a tódolos efectos, para o bo e para o malo, e así nos gustaría que nos visen tamén os demáis.

PELDAÑOS MARMÓLES Y GRANITOS

JOSE SUAREZ

- Presupuestamos
- Fabricamos
- Colocamos

¡ A nosa meta, o seu mellor servizo!

Mourentáns - BRION

Tlf: 885799

Santa Eulalia S.L.
Academia de Conductores

OBTENCION DE TODAS CLASES
DE PERMISOS DE CONDUCIR

CENTRO 1

Hórreo 19 - 1ª C

CENTRO 2

Rosalía de Castro, 87 Entlo. E-H

SANTIAGO DE COMPOSTELA

CENTRO 3

C/ Xuncal s/n
SIGÜEIRO

CENTRO 4

Os Anxeles
BRION

CHURREIRO VIXEIRO DA MORTIÑA
VENTAS AMBULANTES EN FEIRAS E ROMARÍAS

OS ANXELES
BRION TLF 88 73 42
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Acondicionamento do adro da igrexa parroquial dos Anxeles

Recentemente foi rematada a primeira fase da obra de acondicionamento do entorno do adro da igrexa parroquial dos Anxeles na que, entre outras melloras, construíronse dous tramos do muro de contención empredrouse a entrada ó recinto da igrexa, acondicionouse a entrada do cemiterio, axardiñouse a zona superior do muro deixando, un paseo no que se construíu unha fonte, instaláronse uns bancos de recreo e, finalmente protexiuse o desnivel que hai entre a nova zona de paseo e o adro coa colocación sobre o muro de contención dunha barandilla de ferro.

Nunha posterior segunda fase desta importante mellora do entorno da igrexa dos Anxeles, o goberno municipal iniciará outras obras destinadas a continuar co reforzamento do desnivel entre o paseo recién construído e o adro da igrexa coa ampliación do muro de contención ata chegar ó centro médico.



Reparación da escola vella de Bastavales



A vella escola de Bastavales que está ubicada xunto a igrexa foi sometida recentemente a obras de remodelación e acondicionamento para destinala a novo local social da parroquia que se engade ó outro de Sabaxáns, xa en funcionamento.

As obras realizadas neste edificio, que esixiron a reparación total da cuberta do tellado, ascenderon a máis de 3 millóns de pesetas

Colocación de 110 paneis informativos en tódalas aldeas


O concello de Brión acaba de colocar 110 paneis informativos totalmente herméticos e acristalados, ún en cada lugar, nos que se expoñerá periodicamente a información municipal que sexa dirixida a tódolos veciños.

Con estos paneis o concello pretende crear uns puntos de referencia perfectamente ubicados para que os veciños teñan un mellor coñecemento dos bandos municipais e substituindo así o antigo procedemento de ubicación dos mesmos nos bares e tabernas.

Tamén está cunha nova campaña de sinalización informativa de lugares e aldeas de



todo o concello coa reparación de todas aquelas que estaban moi deterioradas e coa colocación de algunhas novas.



Inaugurado o Local Social da parroquia de Boullón

O pasado 25 de marzo, nunha pequena festa que contou coa asistencia de tódolos veciños foi inaugurado, na parroquia de Boullón, o local social arraxado recentemente polo concello. Este novo local social conta con unha zona de parque, un almacén e dous locais perfectamente acondicionados e amueblados destinados, un deles, para sala de ocio e recreo e, o outro, como aula de cursiños e para reunións.

Executado o Plan de reparacións de camiños e estradas por valor de 31 millóns

O concello de Brión, en colaboración con distintos programas de actuación da Deputación Provincial e Xunta de Galicia adicou unha partida de máis de 31 millóns de pesetas para o arranxo e nova apertura de camiños e estradas en tódolas parroquias así como o acondicionamento de varios lugares e aldeas.

Estas obras, que comenza- ron a realizarse dende o mes de abril debido ás condicións meterolóxicas, rematarán no mes de maio e foron, diferenciadas por parroquias, as seguintes:

Parroquia de Ons

En Igrexa-Ons; de Pazos á Agra; de Pazos a Fonte Paredes; de Salaño a Forxán; Costa do Barreiro; Ons-Picoto e Grime.

Parroquia de Viceso

De Vilar á Agra; Aldea de Pousada; Aldea de Ombre; Al- dea de Forxán; Vilar-Vioxo;

Cambio de datas na celebración da Festa do Cabalo



A celebración da Festa do Cabalo en Brión na edición deste ano cambeará a súa data tradicional do mes de setembro adiantándoa ós días 8 e 9 do mes de xullo. Esta modificación de datas fíxose tras un estudo da Comisión Organizadora no que valoraron as mellores garantías do tempo e a propia duración dos días que permite un mellor desenvolvemento das distintas probas do amplo programa.



Pousada-lavadoiro

Parroquia de Luaña

Aldea de Vexo; Aldea de Cristimil; Aldea de Moldes; Vioxo de Abaixo; estrada da Deputación a Tembra; Vioxo de Arriba; Vioxo de Abaixo; de Espiñeiros a Vilares; Vioxo de Abaixo-Escola; Aldea de Mato; Amañecida-Busto de Frades; Entorno Igrexa-Luaña

Parroquia de Cornanda

Tres pistas en Busto de Frades; Praza Igrexa Cornanda; camiño na Graña; Alfonsin-Agra; Graña-Río

Parroquia de Brón

Aldea de Casal; Liñares; Lamiño-Adoufe; Aguiar-Brans

Parroquia dos Anxeles

Aldea de Cabanas; Aldea de

Gontade; Aldea de Piñeiro; Pérros-Estrar; Aldea de Vilanova; Sanín; Aldea de Pérros; Guisande-Agra; Souto-Gosende; O Cabo; Pista Agra Outeiro

Parroquia de Bastavales

Outeiro; Fontao-Caxusa; camiño de monte-Caxusa; pistas Monte Bastavales; Bastavaliños; Soigrex; Bastavaliños-Igrexa

Parroquia de Boullón

Tembra-Gundin; Tembra-Vioxo.

Ademáis, cun presuposto de máis de 3 millóns de pesetas, iniciouse a apertura de camiños de monte na aldea de Pousada, parroquia de Viceso. Esta obra que inicialmente sufriu varios re- trasos, primeiro por dificultades atopadas no seu trazado e poste- riormente, cando se iniciaron en pleno inverno, a causa do tempo, serán rematadas en breve plazo.

Reparacións no Teleclube e no adro parroquial de Ons

Cun presuposto de pouco máis de tres millóns de pesetas, financiadas exclusivamente con aportacións municipais, foron abordadas recentemente as obras de reparación do local do Teleclube da parroquia de Ons que consistiron principalmente na nova construción das cubertas do tellado, o repicado de pedra dos muros do edificio e acondicionamento do espazo exterior do mesmo.

Neste mesmo proxecto de obras de mellora no Teleclube de Ons foron incluídas as obras de acondicionamento do entorno do adro e arredores da igrexa parroquial que consisten na nova construción de muros de conten- ción, acotación dunha zona adicada a parque infantil, derrubamento do vello palco da



música, colocación de petris na entrada do recinto para evita-lo tránsito de vehículos ó interior e reparación do campo da igrexa.

Promovida polos veciños a restauración da carballeira e da aldea de Vidaloiño

A aldea de Vidaloiño, na parroquia de Bastavales, por iniciativa dos once veciños, comezaron hai uns meses unha campaña de restauración de toda a aldea e recuperación e acondicionamento da carballeira do lugar, que quedará rematada no verán deste ano.

Nesta campaña preténdese recupera-lo aspecto tradicional da aldea restaurando os edificios familiares, hórreos, valados e muros, así como facer unha limpeza xeral de toda a aldea e entornar da mesma e retirada de postes de luz e teléfonos que serán substituídos por unha acometida subterránea.

Para levar adiante este plan tódolos veciños se comprometeron a retirar os muros de ladrillo e substituílos, all onde fixera falta, por outros de pedra ben encintados, restituílos telados de urxitas por teita do país e acondicionar aqueles edificios que



estean semederruidos.

Este proxecto está costeado integramente polos veciños e non conta con ningunha axuda oficial salvo algún material que lles proporcionou o concello. Unha vez rematado e restituído o aspecto tradicional da aldea, os veciños esperan facer unha pequena festa para celebra-lo acontecemento.

Dende aquí pensamos que esta iniciativa e traballo é merecedor dalgún recoñecemento oficial ben sexa do concello, ben sexa da Deputación ou da Xunta de Galicia,



Tra-la labor de restauración que están a levar a cabo os veciños, a aldea de Vidaloiño recobra o seu aspecto tradicional!

coa finalidade de premiar e estimular iniciativas que como a dos veciños de Vidaloiño colaboran na

conservación e coidado da nosa paisaxe tradicional e entorno natural.

Bailes de salón

Desde o mes de novembro de 1994 ata finais do mes de marzo de 1995, levouse a cabo, durante dazasete sábados, no polideportivo municipal de Pedrouzos, de nove a 11 da noite, un cursiño de Bailes de salón no que participaron 38 parellas do concello.

Este cursiño, promovido polo propio grupo de parellas que amosaron o seu interese por ter ocasión de desenvolver esta actividade dentro do concello, foi sufragado integramente polos cursillistas.

Os participantes desta actividade tiveron a oportunidade de coñecer, practicar e demostrar as súas habilidades en bailes como o vals inglés e vienés, tan-



go, bolero, pasodobre, chá-chá-chá, rumba-bolero, slow fox-trot...

Esta actividade, que tivo unha grande aceptación, repitírase, case con total seguridade, a partir do outono deste ano.

Convenio co INEM/95

O Instituto Nacional de Emprego (INEM) no seu programa de contratación pública acaba de conceder o noso concello de Brión unha axuda de 2.100.000 pesetas para contratar tres operarios cos que se van iniciar as obras proxectadas de remodelación e acondicionamento no entorno da igrexa parroquial da Luaña, que consistirán fundamentalmente en: construción do muro de pedra fechando a explanada que existe diante do cemiterio, escaleiras de acceso así como proceder o cambio do cruceiro de pedra existente na gabiá oposta da estrada da Deputación provincial, que es-

taba bastante deteriorado e con perigo de ser estragado.

Este emblemático cruceiro ten a peculiaridade de que, coma outros existentes na zona servía de "indicador" nas vellas corredeiras: o capitel ten esculpido na cara que mira o Leste a imaxe de San Xulián, que é o patrono da parroquia; a cara Sur que indica a Cornanda, leva a imaxe da patrona Santa María; a cara Norte ten a imaxe de Santa María de Viceso.

Era un práctico e devoto sistema establecido coa intención expresa de guiar ós forasteiros que circulaban polo antigo "camiño francés"

PROGRAMA MUNICIPAL DE

MAIO



☛ Día 3 ó 17

- ☐ Vacacións da Terceira Idade
(Palma de Mallorca)

☛ Día 7

- ☐ Saída Cultural á Reboira Sagra
(13 anos en adiante)

☛ Do 15 ó 19.

- ☐ V Feira do Libro
«Colexio Público de Esparis-Viceso»

☛ Día 19

- ☐ Orientación Educativa: Charla-Coloquio
(Saídas educativas ó remate do E.X.B.)
- ☐ Convocatoria dos Concursos de Carteis e
Fotografía: «Día Mundial do Medio Ambiente»

SETEMBRO



☛ Día 3

- ☐ Festa do Vellos

☛ Día 24

- ☐ Carreira Pedestra da Amaía

XUÑO



☛ Día 1

- ☐ Inauguración do MES DO DEPORTE

☛ Día 3

- ☐ Visita á Semana Verde de Silleda

☛ Do 4.

- ☐ Exposición e entrega de Premios na Casa
da Cultura: «Día Mundial do Medio Ambiente»

☛ Día 11

- ☐ Saída Cultural á Mariña Luguesa
(de 13 anos en adiante)

☛ Día 24

- ☐ Concurso-Exhibición de Ximnasia Rítmica
- ☐ Clausura das Escolas Deportivas
municipais e Mes do Deporte

- ☐ Campañas de bolsas do MEC curso 94/95
(F.P.-BUP-Universidade)

- ☐ 2º Trofeo de Copa de Fútbol-Sala
"Concello de Brión"

☛ Días 26 e 27

- ☐ Romaría de santa Minia

- ☐ Continúa a Campaña de bolsas do MEC
(curso 95/96 FP; BUP e Universidade)

- ☐ Campaña de bolsas local,
(curso 95/96 Educación Infantil, EXB)

- ☐ Apertura do prazo de inscrición
nas Escolas deportivas e Talleres de Cultura

- ☐ 3ª Liga de Fútbol-Sala "Concello de Brión"

XULLO



Continúa a Campaña de bolsas do MEC

☛ Día 1

Viaxe da Terceira Idade a San Andrés de Teixido

Final da Copa de Fútbol-Sala e entrega de Trofeos da 2ª Liga e da Copa

☛ Día 3 a 31

Cursiños de natación para adultos

Cursiños de natación para menores

(Piscinas dos Anxeles, Brión, Bastavales e praia fluvial de Ponte Nináns)

☛ Días 8 e 9

Festa do Cabalo

☛ Días 29 e 30

Festa da Froita e Romaría Internacional

AGOSTO

☛ Primeira quincena

Campamento Infantil



OUTRAS ACTIVIDADES

Estanse xestionando os convenios coa Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña para actuacións de música e teatro no Concello de Brión

☛ CONCERTOS DIDACTICOS PARA ESCOLARES

Día 12 de maio: Actuación do grupo Arabesco

Día 26 de maio: Actuación do grupo Resonet

☛ V FEIRA DO LIBRO

«Colexio Público de Esparís-Viceso»:

Día 19 de maio

Actuación do Teatro Galileo

☛ ONS

Día 21 de Maio

Banda de Música Sta. Cruz de Rivadulla

☛ OS ANXELES

Día 18 de xuño

Banda de Música de Visantoña

☛ VICESO

Día 24 de xuño

Escola de Baile e Música de Sementeira

Día 23 de xullo

Banda de Música de Noia

☛ CORNANDA

Día 16 de agosto

Banda de Gaitas de Ares

☛ FESTA DOS VELLÓS

Día 3 de setembro, Banda de Música de Noia

☛ BASTAVALES

Día 10 de Setembro, Banda de Música de Redondeira

☛ ROMARIA DE SANTA MINIA

Día 27 de setembro

Teatro de Rúa «Os Quinquilláns»


Banda de Gaitas Robaleira

☛ BOULLON

Día 1 de outubro

Banda de Música Cultural de Arcade

UNHA PROPOSTA DE TURISMO PARA ESTE VERAN



1 CARBALLEIRA DE SANTA MINIA

Cortomeada pola capela que garda o copo da Santa, a Casa do Concello, a Casa da Cultura, fonte, palco da música...

2 CASTRO DE LAMIÑO

Está bastante ben conservado e é un dos máis pequenos de Galicia.

3 CAMPO DO TREMO

Coa capela de N^{ra} S^a de Guadalupe e, á beira, o recordo do pasado esplendor que lle dera o Balneario.

4 IGREXA DE SAN SALVADOR

De estilo barroco, do século XVIII.

5 PONTE DE VIDALOISO

Rústica ponte sobre o río Sar e ó seu pé unha saudosa carballeira.

6 PONTE DO RIO TINTO

De feitura romana, probablemente construída na idade media.

7 CASTRO LUPARIO

A dificultade do seu acceso ben paga a pena da camiñada, pois é un dos castros mellor conservados de Galicia.

8 CRUCEIRO DE BEMIL

De feitic barroco, camiño da igrexa parroquial de Bastavales.

9 IGREXA DE BASTAVALES

Formando un monumental conxunto coa capela do Carme (ano 1707), o adro ofrece unha das máis espléndidas panorámicas do Val da Amaía.

10 PAZO DO ARMENTAL

Cuberto de edras e ben conservado.

11 IGREXA DOS ANXELES

De estilo barroco (S. XVIII).

12 IGREXA DE BOULLON

Con boas vistas ó val.

13 CRUCEIRO DE BOULLON

Situado no monte entre a igrexa e Tembra. Está algo mutilado, pero ben requintada feitura.

14 PAZO DO CASAL

Está en ruínas, pero conserva a capela do San Xosé.

15 CRUCEIRO DE VIOXO DE ABAIXO

Situado no camiño sacramental da aldea, é de tipo loreto e un dos máis esplendorosos da zona.

16 IGREXA DE LUÑA

A súa cabeceira é románica e conserva interesantes pinturas murais da idade media. A fachada é neoclásica.

17 IGREXA DE CORNANDA

Barroca, do século XVII.

18 ENCORO BARRIE DE LA MAZA

Sobre do río Tambre construído no ano 1945.

19 PRAIA FLUVIAL DE PONTE NINANS

Lugar de solás recentemente construída.

20 CRUCEIRO DA GORIÑA

En Pousada, de tipo loreto e quizais o máis antigo do Concello. Data de 1637.

21 IGREXA DE VICESO

Barroca de finais do século XVIII.

22 CRUCEIRO DE MOURENTANS

Recentemente cambiado de sitio e de harmoniosa feitura.

23 PAZO DE ARMESTO

En Salaño Pequeno, moi ben conservado.

24 IGREXA DE ONS

De estilo neoclásico.

25 CAMPO DE MAMOAS DE RAÑALONGA

Con 4.000 anos de antigüedade.

26 PAZO DE TRASOUTEIRO

Dentro conserva o retablo barroco procedente da desaparecida capela do Castelo de Altamira.

27 TORRES DE ALTAMIRA

O mais representativo resto do noso pasado histórico.

28 IGREXA DE BRIÓN

Barroca de comezos do século XVIII.

O XORNAL VERDE

N. 20 VOCEIRO DA MOCIDADE DO CONCELLO DE BRION ABRIL - 95



● *Elabora: Grupo de Defensa da Natureza "Denocifa" (GDND)*

● *Coordina: Animador Socio-Cultural (ASC)*

a fiestra

Incendios ¡NON!



Se ves lume chama ó **085** A chamada é gratuita



arredor

arquitectura popular

AS FONTES

*O Manuel fixo unha fonte
Púxolle o bico de prata.
As mozas non van a ela
e Manuel, todo se mata.
Maruxiña, ti es o demo
sempre me andas tentando,
ou no río ou na fonte
sempre te encontro lavando.*

A abundancia de auga, en Galicia, fai posible que os mananciais afrezan a posibilidade de ser aproveitados por medio de fontes e pozos que se nos presentan baixo as máis variadas formas.

No caso das Fontes, son innumerables as que aproveitan o manantial e a través de canles, tubos de pedra, tellas ou un sinxelo suco leva a auga ata o bico, cano, picho ou pichela. O lugar onde brota o manantial chámase nacente, illó, illón ou gorgullón.

Dentro da variedade de fontes que se poden dar, existen dúas grandes tipoloxías: as de manantial e as de cano.

A FONTE DE MANATIAL.

Na boca da mina ou ó final dunha canle de conducción constrúese un depósito ou pilón no que se estancou a auga, e así pódese coller máis facilmente.

Este depósito pode constar dun simple muro de contención a base de pedras e terróns, ou pola contra estar feito cunhas excelentes pezas de cantería.

Este depósito soe estar cuberto por un



As fontes nas prazas das grandes cidades, ademais da súa utilidade pública, cumpren outra función ornamental polo que adquiren, ás veces, unha grande suntuosidade e monumentalidade artística que compite en grandiosidade e ornamentación coas demais obras arquitectónicas, como ocorre con este exemplo da fonte da Ferrería de Pontevedra, unha das máis belas e grandiosas de Galicia, ou a fonte dos cabalos situada na praza das Praterías de Santiago de Compostela

de nos



pequeno tellado de colmo, pizarra, pedra gra ou tella.

A FONTE DE CANO.

Consiste na construción dun muro de pedra que pecha a saída do manantial ou a boca da mina, permitindo canaliza-la auga por un cano. Pode facerse tamén unha canalización máis complexa mediante tubos de pedra, que levan a auga a un nivel inferior, podendo brota-la auga nunha fonte colocada no medio da aldea ou praza por un ou varios canos.

Esta fonte pública chámase viveiro e soe contar cun pequeno pilón para que beba o gando.

A solución máis usada para este tipo de fonte é a das chamadas «fontes de cabaliño», cunhas caracterísitcas que se reducen a un muro que en moitos casos constrúese con pedra labrada, no que se coloca un cano de pedra aberto pola parte superior.

Complétase por un estanque de cantería no que se verte a auga, e noutras ocasións aparece tamén o bebedeiro para o gando e

FONTE DE MANANTIAL.



seccion



alzado frontal

o lavadoiro.

O bebedeiro do gando está situado entre a fonte e o lavadoiro, consta dun pequeno pilón, ás veces natural, no que o gando pode beber. As pías de pedra feitas dunha soa peza de granito soen ser unha boa solución.

O lavadoiro sitúase nunha esquina deste complexo arquitectónico, para facilita-la saída da auga ata as veigas cercanas, sendo así aproveitada para o rego. Consta este lavadoiro dun pilón rectangular rodeado de

lousas inclinadas sobre as que lavan as lavadeiras.

O uso constante destes lavadoiros facía necesaria a construción dun cuberto para cobixarse baixo o seu teito sen por elo deixa-lo traballo. Soía estar composto por catro pilares de pedra sobre os que se apoiaba un pequeno tellado. Hai casos nos que para protexe-lo lugar dos ventos dominantes pechábanse os espazos entre dous ou máis pilares.

Hai que sinalar outro aspecto relacionado coas fontes que: os motivos ornamentais que tantas veces aparecen acompañando estas construcións populares.

Soen reducirse a un coroamento por cruces ou pirámides sobre o cumio do tellado, ou do frontal de cantería polo que sae o picho.


Estes motivos son moi repetidos noutras construcións ou lugares sacros. A figura ou releve do Santo soe acompañar á fonte que alí se atopa.

No noso concello son innumerables as fontes de todo tipo que podemos encontrar. Poderíamos dicir que case non hai aldea que non posúa unha ou varias fontes comunais, sen contar coas particulares. Estas fontes comunais soen completa-lo seu espazo cos mencionados lavadoiros públicos e os bebedeiros do gando. Na carballeira de Santa Minia xa podemos ter un bo exemplo.

FONTE DE CABALIÑO.



planta



alzado

FONTE DE MANANTIAL.

O CARBALLO

"Quercus Robur" - Roble

□ ANA

O Carballo é unha árbore robusta, na espesura medra cun toro dereito, sen ramificarse ata unha altura de 15 metros. Cando está illado a copa faise ancha. O crecemento é lento, pero chega a acadar ata os 40 e 45 metros, e toros de once metros de corda.

A casca é lisa cando os exemplares son novos, dunha cor verdosa, cando acadan a madurez téñena de cor gris rachada en placas verticais.

As raíces son bastante profundas, ó ano xa ten unha raíz central bastante medrada, penetrando ata unha profundidade de metro e medio; entre os seis e oito anos médranlle as raíces laterais.

Ten as follas simples, alternas, caducas con limbo, miden de 5 a 12 centímetros de longo e de 4 a 8 de ancho, ten 3 - 4 - ou 5 lóbulos a cada lado do nervio principal máis ensanchado no tercio superior, son acorazonadas ou aval-oblongas, totalmente peladas nas dúas caras, ten o dereito máis verde que o envés.

As flores saen case ó mesmo tempo cas follas nos meses de Marzo e Abril.

As landras son aovadas, nun longo pedúnculo colgante de ata 10 centímetros, medran en setembro e caen no Outono. Medran en solos húmidos, fondos e soltos; non se dan ben en terras calcarias, resiste moi ben o frío, dándose dende o nivel do mar ata os 1850 metros de altitude, neste caso en forma de matogueiras de arredor de 1 metro.

Nace da landra ou por retoños, pois ten moita facilidade para rebrotar da cepa. É unha especie que ten longa vida, pois pode superar ata os 1000 anos, aínda que medra moi lentamente.



A madeira do carballo é moi apreciada, é dura, pesada e resistente á podrencia.

Antigamente era a principal madeira de ebanistería, carpintería e construcións navais. Tamén é moi doado encontrala nas armazóns das catedrais dende a época

gótica.

O longo dos anos aínda segue sendo moi apreciada.

O carballo é unha árbore digna de admirar por todos nós, pois alegra moito a nosa paisaxe, aínda que por desgracia dende hai xa moito tempo, véñense cortando para aproveita-las terras como pastizais, ou para prantar outras árbores como piñeiros e eucaliptos que aínda que teñen unha produción moito máis rápida non benefician para nada nin a terra nin o clima.

En Galicia son ben típicas as carballeiras, pois é raro non velas arredor das igrexas, nos campos das festas e das feiras.

O bo serían que non só admiráramos as poucas que temos senón que entre todos tratáramos de seguir conservándoas, e o mesmo tempo prantando novas sementes, pois a todo lle chega a súa fin: esperemos que o carballo nunca lle chegue.

FRANCISCO CANTELAR RODRIGUEZ

Iniciamos esta nova sección da revista de Altamira co ánimo de dar a coñecer ós nosos lectores a todos aqueles persoeiros do noso concello que están a desenvolver na actualidade un traballo relevante no ámbito profesional, social ou cultural ou ben teñen tras de si un labor persoal meritorio, froito sempre dunha traxectoria de honrada adicación e entrega ó estudio e o traballo aunque non sempre alcance un público recoñecemento



Francisco Cantelar Rodríguez a parte da súa función pastoral como coronel capelán castrense no seu último destino da Coruña, desenvolve, como doutor en Dereito Canónico, un grande traballo de investigación científica froito do que ten publicados varios libros e numerosos artigos en revistas especializadas

Militar, co grao de coronel capelán castrense.

Pertence ó Consello Asesor Científico da Revista Española de Dereito Canónico e ó Comité

FRANCISCO CANTELAR RODRIGUEZ, licenciado en Teoloxía e doutor en Dereito Canónico, naceu en Ons-Brión o 30 de maio de 1932. Ordenado sacerdote o 1 de xullo de 1956, atendeu sucesivamente coma cura ecónomo as parroquias de San Fins de Brión e de San Xulián de Pontecesures, por espacio de dous anos. Desde entón exerceu o ministerio nas Forzas Armadas ata o seu último destino na Coruña, ó fronte da Vicaría da VII Rexión

Francisco Cantelar Rodríguez na súa época de cura ecónomo na que exerceu o seu labor pastoral en distintas parroquias rurais de Galicia, sobre todo na comarca da Amaía



de Dirección do "Synodicon Hispanum", e está a realizar dende hai anos, na investigación histórica da lexislación canónica do noso país, un difícil e delicado labor de transcripción e anotación de antigos textos sinodais e composición de índices, considerados como modélicos polos especialistas.

Ten publicados varios libros, algúns coa colaboración doutros autores, ademais dunha vintena de artigos en revistas especializadas.

Libros: «*Revista Española de Dereito Canónico. Índices 1946-1965*». (Salamanca, 1967.)

- «*El matrimonio de herejes. Bifurcación del impedimento de disparidad de cultos y divorcio por herejía*». (Salamanca, 1972)

- «*Catálogo de los manuscritos e incunables de la Catedral de Córdoba*». (Salamanca, 1976)

- «*Catálogo de incunables de las Bibliotecas del Convento de Franciscanos y del Seminario diocesano de Santiago*»

(Santiago de Compostela, 1978).

- «*Colección sinodal LAMBERTO DE ECHEVARRIA. Catálogo 1-2*» (Salamanca, 1980, 3e 1987).

- «*Francisco Suárez. De legibus, lib. IV*». (Madrid, 1981).

- «*Los incunables de Chipiona*». (Madrid, 1983)

- «*Synodicon Hispanum*». (Madrid, 1982, 1987, 1990, 1993).

Edición crítica e estudo: traballo en equipo baixo a dirección de A. García y García).

Para o ano en curso ten preparada unha nova publicación: «*Estudios de Dereito Canónico Medieval*» (Libro de 400 pp., editado por Keip Verlag, Goldbach (Alemania)).

A REVISTA ALTAMIRA CUMPRE DEZ ANOS

Se facemos un pequeno repaso das máis de trinta revistas Altamira que se levan publicadas, ollando tan só as súas portadas teremos, sen lugar a dúbidas, un resume, en imaxes, dos acontecementos máis significados que caracterizaron o momento no que se produciron en tódolos ambitos: local,

nacional e internacional así como en tódolas ordes: cultural, social, política, económica, educativa e histórica. Só por iso, a revista Altamira serve hoxe como un documento gráfico e fidedigno do que foron tanto as nosas vivencias e inquedanzas máis directas como os seus principais protagonistas



Dez anos na vida dunha persoa son poucos anos, pero na vida dunha publicación do tipo de ALTAMIRA son moitos, porque o normal é que boa parte das publicacións periódicas desaparezan antes de chegar a media ducia de números.

ALTAMIRA naceu no ano 1985 como unha iniciativa cultural do concello de Brión, non soamente coa idea de face-la crónica do cada día da vida municipal, senón principalmente para se-lo vehículo de comunicación cultural entre veciños.

A altura de 1985, era un reto facer unha publicación exclusivamente en galego, pero asumíuse con ilusión. Deste xeito cremos que Altamira contribuíu a dignifica-lo noso idioma.

Polos 35 números que van publicados foi pasando a actualidade de Brión nas súas realizacións, nos seus problemas, nos seus proxectos de futuro, nos seus personaxes e nas súas celebracións, fomos recuperando tirada a tirada retallos da nosa historia e reflexionamos en voz alta sobre as angueiras que ocupaban á maioría.

ALTAMIRA envíase gratuitamente a

tódolos veciños, pero a maior satisfacción de quen colaboramos desenteresadamente nela é de que se le con interese.

OS PERSONAXES

A sección de entrevistas, foi abrindo o escaparate dos personaxes máis relevantes da vida local, por seren naturais de Brión, por seren veciños ou en razón da súa actividade profesional: escritores, investigadores, políticos, profesores, curas, profesionais, etc.

ALTAMIRA
CONSTRUCCIONS
EN PEDRA



LUCIANO DOS SANTOS GARCIA
Canteira propia
As Torres Telf. 887105
BRION

O NOTICIEIRO

ALTAMIRA estivo ó pé das novas que se foron producindo durante estes dez anos nos distintos aspectos da actualidade do municipio: na cultura (construcción da Casa da Cultura, Biblioteca Municipal, Romaría Internacional, nacemento das Escolas de Música, etc.); no deporte (instalacións, escolas deportivas, Festa do Cabalo, Sociedade de Caza, itinerario por Brión da Volta ciclista a España); na educación (construcción do colexio de Viceso, actividades escolares); agricultura (cotas do leite, saneamento do gando, experiencias



Construccions
FRAGA



Obras albañilería en xeral

BRION Tif: 887179



forestais...); servicios públicos (teléfonos públicos, centros médicos, traslado de oficinas municipais...); obras públicas, etc.

A revista de Altamira recolleu no seu momento as obras de mellora do entorno da ermida de Santa Minia

A OPINION

Desde os editoriais, a mesa de redacción foi reflexionando en voz alta sobre aqueles temas que entendía que preocupaban á maioría en cada momento: crise da agricultura, incendio forestais, o ensino, crise económica, xacobeo, a familia, eleccións, etc.

Tamén deu conta oportunamente de tódalas saídas e viaxes que se programaron dende o concello para a Terceira Idade ó longo deste dez anos



A HISTORIA

Cada número foi publicando retallos da nosa historia, sobre todo nas ben documentadas biografías de Brioneses famosos coa sinatura de Benito Salvado e outras colaboracións. Tamén se lle foi prestando atención ás tradicións de diversa índole que compoñen a nosa memoria colectiva.



Dende a revista de Altamira anunciáronse nas súas portadas os principais acontecementos que acaeceron nestes anos como foron a inauguración de novo colexio de Viceso, e a construción da Casa da Cultura, hoxe convertida na nova Casa do Concello así como todo tipo de actividades e celebración veciñais

A INVESTIGACION


Nos «dossieres» fóronse chequeando os distintos aspectos da nosa realidade: a industria en Brion, o censo gandeiro, a poboación, aproveitamentos da auga, a emigración, o patrimonio municipal, o catastro, o servizo eléctrico no municipio, etc.



A IGREXA

Foise seguindo tamén a actualidade eclesial e parroquial: cambio de curas, obras nas igrexas, festas do catecismo..

ALTAMIRA pretendeu se-lo altavoz dos problemas, aspiracións e realizacións desta colectividade que forma o concello de Brion. Deste xeito cremos que contribuíu a afianza-los vínculos de unión entre todos e fortalece-la nosa personalidade colectiva.



Ante en pedra TALLERES
CASTELO
 CRUCEIROS HORREOS ESCUDOS CHEMENEAS
 FONTES BANCOS ESCULTURAS BALAUSTRÉS
 PICARAÑA - PADRON Tlf: 803204

ADEGA SANTA MINIA
 VIÑO RIBEIRO (granel-embotellado)
 GASEOSAS - CERVEXAS
 LAMIÑO - BRION Tlf: 887282

AS ELECCIONS MUNICIPAIS NO NOSO CONCELLO DE BRION



A Democracia, como modelo político, significa o goberno dos cidadáns a través dos seus representantes escollidos mediante sufraxio universal e segredo. Esta especial circunstancia da Democracia obriga á participación a tódolos cidadáns cada certo tempo no que cada ún manifesta a súa vontade elixindo aquela opción política que considera máis idónea para administra-los bens públicos e dicta-las normas comúns polas que se rixe unha comunidade

O 28 de maio deste ano 1995, os cidadáns deste fermoso concello de Brión, témo-la oportunidade democrática de elixi-los nosos concelleiros e ó noso alcalde, para que se fagan cargo do goberno do noso municipio nos próximos catro anos.

De tódalas eleccións democráticas (Parlamento Nacional, Parlamento Autonómico, Parlamento Europeo) esta das Cooperacións Locais é a máis importante, porque o Concello é a institución que está máis preta de nós. Do mesmo xeito nalgunhas Comunidades autónomas do Estado Español tamén haberá eleccións ese mesmo día.

BRION: UN CONCELLO RURAL

O noso Concello é netamente rural, que conta co 9 parroquias (Brión, Os Anxeles, Bastavales, San Salvador, Boullón, Cornanda, Luaña, Viceso e Ons). Esas parroquias abarcan a 107 aldeas.

Aquí vivimos 6.370.- habitantes, que nos adicamos á agricultura, pequena industria, gandería, construción, asalariados que traballan en Santiago principalmente no sector de servizos, transportes, comercio...

Os Concellos rurais como o noso están a ser bastante discriminados no que se refire a distribución de recursos económicos, por parte

das Institucións provinciais, autonómicas e estatais, o que dificulta a calidade dos servizos, que poden ofertar os nosos gobernantes.

Outra eiva, que afecta a tódolos municipais, por igual é a que está preto do cidadán debería ter máis competencias sobre todo no que se refire ós servizos máis básicos: sanidade, cultura e educación... e, en xeral, no que se refire ó campo dos servizos sociais.

AS CANDIDATURAS QUE SE PRESENTAN AS ELECCIONS MUNICIPAIS

Nas eleccións do próximo 28 de maio os

FERRETERIA

SANTA MINIA

José Caramés

BRION

Materias para construción e Saneamento, Abonos, Pinturas, Esmaltes, Louza, Cristal, Droguería, Papelerías, Obxectos de escritorio, Traídas de auga, etc.

Tlf: 887010

AG

- Carpintería de aluminio
- Cristalería
- Perstanas
- Cristales viselados
- Galerías

Hnos. GENDRA

Fábrica e Oficinas:
BASTAVALES Tlf: 888556

elic PHOTO

Montero Ríos, 48 B - Tlf. 58 37 45
SANTIAGO DE COMPOSTELA

votantes poderemos elixir entre tres candidaturas: A Candidatura Galega Independente (CGI), O Partido Popular (PP) e O Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Cada unha destas tres candidaturas é encabezada por un número 1, que nos indica que ese candidato é o proposto pola candidatura para o cargo de alcalde, no caso de ter os votos da maioría dos concelleiros elixidos. Así teñen a posibilidade de ser elixidos como alcalde tres candidatos: José Luis García García (CGI); Alcalde dende ahi dezaseis anos, Gonzalo López Méndez (PP) e Manuel Lameiro Suárez (BNG). Xunto a eles podemos observar nas listas 12 candidatos máis, por candidatura e tres suplentes.

Eliximos, por tanto, a 13 candidatos a concelleiros. A candidatura, que acade 7 ou máis concelleiros elixidos poderá elixir alcalde e os partidos poderían pactar un goberno municipal.

O NOVO EQUIPO DO GOBERNO DE BRIÓN

Como xa queda indicado, a partir das eleccións, e transcurridos uns prazos



regulamentarios, un novo goberno tomará posesión nun pleno, no que estarán tódolos concelleiros elixidos.

Este novo equipo deberá exercer responsablemente este mandato que os cidadáns otorgámoslle democraticamente. Atoparase cun concello que quere seguir progresando, que quere ter ós seus gobernantes preto deles e das súas preocupacións, que desexa seguir cunha convivencia pacífica, continuar coas iniciativas culturais, infraestruturas... e cunha boa política urbanística, aínda que perfeccionable. Sería imperdoable, que a imaxinación duns gobernantes os levara a construír «torres» nun municipio rural, aínda que con zonas urbanas, en aras de satifacelas demandas de persoas depredadoras e especuladoras.

Para todo isto, os votantes deberemos fixarnos moito nas persoas, que compoñen as candidaturas e nos seus comportamentos ata o momento presente. Nun programa pódense prometer moitas cousas, máis o comportamento das persoas é moi difícil de esconder. Busquemos concelleiros íntegros, honrados e servidores dos nosos bens comúns e lexítimos intereses.

Candidatura presentada por:

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

- 1.- Manuel Lameiro Suárez
- 2.- Encarnación Fernández Beade
- 3.- Manuel Díaz Serramito
- 4.- M^a Concepción M. Rodríguez García
- 5.- Xosé Villar Pereira
- 6.- Severino Román Carnota Beiras
- 7.- Xerardo Bustelo Barco
- 8.- Manuel Padín Carnota
- 9.- Xesús Pena Espiña
- 10.- Manuel Gómez Vidal
- 11.- Xosé Ramón Vieiro Nogueira
- 12.- Xosé Cándido Freire Baameiro
- 13.- Tareixa Navaza González

Suplentes:

- 1.- M^a Siejas García
- 2.- Rosa M^a Conde Vieiro
- 3.- Demetrio Vales Hermo

Candidatura presentada por:

CANDIDATURA GALEGA INDEPENDENTE

- 1.- José Luis García García
- 2.- Leopoldo Agapito Bouzas Gómez
- 3.- Ramón Rodríguez Romarís
- 4.- José Esparís Barbazán
- 5.- Jesús Regueiro Cofán
- 6.- José Pedro Cambón Fernández
- 7.- Manuel Ramón Vázquez Buyo
- 8.- Manuel Pais Bargo
- 9.- Jesús Quintela Vázquez
- 10.- Manuel Gendra Picallo
- 11.- Vicente Casal Romero
- 12.- José Luis Fagín Alonso
- 13.- José Luis Barreiro Barreiro

Suplentes:

- 1.- Enrique A. Gómez-Reino Carnota
- 2.- Maximino Tobío Bustelo
- 3.- Benigno Vázquez Barbeira

Candidatura presentada por:

PARTIDO POPULAR

- 1.- Gonzalo López Méndez
- 2.- Plácido Iglesias Gerpe
- 3.- José García Ferreira
- 4.- Carmen Vidal González
- 5.- Afrodísio José Montero Vietes
- 6.- Manuel Celestino Fariña Dubra
- 7.- Divino Santiago Cunqueiro del Río
- 8.- José Granja Pais
- 9.- Amancio Vázquez Andrade
- 10.- Manuel Labandeira Tempra
- 11.- Saturnino Negreira Gerpe
- 12.- Evangelina Castro Freire
- 13.- María José Cantelar Esparís

Suplentes:

- 1.- José Mouriño Rivas
- 2.- Beatriz Espiñeira Castro
- 3.- Manuel Pedrares Bello

FERRETERIA CASAL S.L.

Materiais de construción - Fontanería - Material eléctrico
Surtidos - Abonos químicos
Axencia Uruñia - Pinturas TITANILUX
Trax. portat. e Sección Calzados

BASTAVALES Tlf: 888614

CLINICA DENTAL STA. MINIA

DOCTOR María Minia

CONSULTAS

**Venres e Sábados de 5 a 8
Domingos de 11 a 2 e de 5 a 8**

PEDROUZOS - BRIÓN TLF: 88 75 88

ASESORIA IGLESIAS

SEGUROS:

- Fiscal - Seguridade Social
- Trámites perante organismos oficiais
- Seguros Xerais

Pedrouzos - Santa Minia

BRIÓN Telf. 88 75 16



ASISTENCIA SANITARIA

Ata hai uns anos, a Asistencia Sanitaria normalizada alcanzaba unicamente a aquelas persoas que estaban a traballar por conta propia ou allea, e que cotizaban por este concepto á Seguridade Social de forma autónoma ou a través dunha empresa, e mais ós seus familiares mais achegados (cónxuxe e fillos ata os 21 anos). Os concellos ofrecían este mesmo servizo a través das antigas «Cartillas de Beneficiencia» ás persoas con menos recursos.

AINDA ASI, era frecuente atopar familias enteiras carentes de cobertura sanitaria, e o sistema clasificaba ós grupos segundo o tipo de cobertura en «persoas con dereitos» polo feito de cotizar, e «pobres» que tiñan que acudir ó sistema benéfico ou asistencial para resolver as súas necesidades de tipo sanitario.

Dende o ano 1989, o dereito á Asistencia Sanitaria esténdese de forma indiscriminada a toda a poboación do país, garantizándose ésta ó través de varias medidas que facilitan a consecución de cartillas gratuítas (sen necesidade de cotizacións), a inclusión de familiares nas cartillas da persoa que cotiza e sen límite de idade... etc.

Como consecuencia destas medidas, van desaparecendo os antigos hospitais de beneficiencia e os pertencentes ás Deputacións (Hospitais Provinciais), que se van integrando na rede pública sanitaria, así coma as cartillas de «Beneficiencia» que dende entón quedaron sen efecto.

Na actualidade non se dá ningunha circunstancia na que unha persoa ou familia de nacionalidade española ou de calquera país

pertencente á CEE non teña dereito a disfrutar de Asistencia Sanitaria e Farmacéutica, así coma daqueles outros servizos que van unidos a este (traslados en ambulancia, pago de próteses, tratamentos especiais, hospitalizacións...).

Os medios mais utilizados para garanti-lo



dereito á asistencia sanitaria segundo os grupos de poboación son:

1.- Traballadores por conta propia ou allea:

Teñen dereito á asistencia sanitaria polo feito da cotización á Seguridade Social durante toda a vida laboral, e mesmo despois de rematado o emprego durante tres meses.

2.- Familiares de traballadores

Teñen dereito á asistencia sanitaria durante todo o tempo en que o teña tamén o traballador e sen límite de idade. Para exercer este dereito, os familiares terán que convivir no mesmo domicilio do traballador.

Esta modalidade pódese estender ademais ás persoas que non garden parentesco co traballador pero que estean no seu domicilio en condición de «acollidos».

3.- Parado con prestacións ou subsidios familiares

Teñen dereito á asistencia sanitaria durante todo o tempo que dure a prestación (paro ou axuda familiar), e mesmo durante os tres meses seguintes ó remate da axuda. Durante este tempo, os familiares ou persoas acollidas no domicilio seguen a ter dereito á asistencia.

4.- Pensionistas

De calquera réxime da Seguridade Social e de non contributivas, teñen dereito á asistencia sanitaria e farmacéutica gratuíta. Neste caso, os pensionistas de non contributivas non poden ter ó seu cargo a familiares para a consecución de asistencia.

5.- Retornados

Teñen dereito á asistencia sanitaria sempre que se lles recoñeza o dereito á percepción de subsidio de paro por retorno e durante o tempo que dure ésta máis os tres meses seguintes.

6.- Outras persoas

Que non teñan acceso á asistencia sanitaria por ningunha destas vías, é dicir, que non traballen, non teñan un familiar que poida acollelos na súa cartilla, non sexan perceptores de pensións nin subsidios de paro, poden solicitar asistencia sanitaria gratuíta de forma individual sen que esta xestión signifique gasto ningún, agás o pago do 40% correspondente a gastos de atención farmacéutica.

As persoas que carezan de asistencia sanitaria, deben polo tanto levar a cabo calquera das xestións que se indican segundo a súa situación familiar, e que se lle facilitarán nas oficinas da Seguridade Social ou ben nas de asistencia Social do Concello.

DIA DAS LETRAS GALEGAS: Rafael Dieste

NA MORTE DE ESTRELIÑA



RAFEL DIESTE naceu no ano 1899 en Rianxo e dende moi novo despertou nel unha vocación para as letras e a filosofía que mesturaba con preocupacións éticas, relixiosas e estéticas. Estas inclinacións agurgullan en toda a súa obra.

Viaxa sendo aínda adolescente a México e despois participará dous anos na guerra de Marrocos. Ó seu regreso exerce o periodismo en Vigo e participa, como xefe de equipo, das Misións Pedagóxicas e funda o Teatro Guiñol, para o que escribe e improvisa numerosas farsas.

En 1935, cunha bolsa de estudos, viaxa a Francia e a Bélxica onde estudia problemas escénicos e literarios do teatro. En 1937 funda xunto con outros compañeiros a revista "Hora de España" e posteriormente marcha a Buenos Aires onde dirixe o departamento editorial de Atlántida. Posteriormente, entre 1951 e 1952, é contratado como lector de Lingua e Literatura Hispánicas na Universidade inglesa de Cambridge de onde pasa ó instituto Tecnolóxico de Monterrey, en México, a impartir ambas as dúas mencionadas disciplinas.

Tra-la Guerra Civil voltará a Buenos Aires de novo antes de regresar definitivamente a España á súa vila natal de Rianxo onde fina o 15 de outubro de 1981.

Traballou distintos xéneros literarios tanto en castelán como en galego, destacando o teatro (traxedia e comedia), a poesía, o conto, a narración autobiográfica, e o ensaio. Así mesmo destacou como articulista, crítico e conferenciante, sendo un grande animador da

nova pintura galega a través de monografías, disertacións, artigos e presentacións de catálogos.

O seu teatro de guerra "El amanecer" y "Nuevo retablo de las Maravillas" ocupa un posto destacado entre as pezas publicadas durante a Guerra Civil na zona republicana ó lado

Chamábase Estreliña e era moi gabaxeira e linda

Decíalle a nai; Vai á fonte, Estreliña.

E Estreliña ía á fonte.

Decíalle a nai: Vai á horta, Estreliña, e dille a papá que deixe a poda e veña xantar.

E Estreliña ía a correr, moi contenta de cumpri-lo mandado e chamaba polo pai.

Decíalle o pai: Ponte queda, Estreliña, que che vai traba-lo can.

E Estreliña poñíase queda, toda a cara en lume, a sorrir.

E decíalle a irmá casadeira: Vai á escola, Estreliña.

E Estreliña collía o catón e moi dereita e leda íase camiño da escola.

E así sempre

("A Fiestra Valdeira")

das obras de Miguel Hernández e Rafael Alberti.

A súa obra en galego "A Fiestra Valdeira" constituíu un importante acontecemento literario e foi definida como unha obra mestra no seu xénero que contribuíu notablemente a renova-lo teatro do país.

RAFAEL DIESTE
a quen se adica
este ano o "Día das
Letras Galegas"
foi un grande
narrador,
consumado poeta,
profundo
dramaturgo, fino
pensador e sabio
que exerceu de
home libre e
comprometido coa
verdade.

(Arriba: Retrato
de Colemiro)
(Abaixo: cando estaba
en México)



Taboeiro da Mocidade

CAMPAÑA DE BOLSAS PARA O CURSO ACADÉMICO 1995-96

Dende hai varios anos, o Concello de Brión trata de proporcionar ás seus veciños unha información puntual sobre a convocatoria de bolsas do M.E.C. (Ministerio de Educación e Ciencia), así como das Bolsas de Axuda ós Estudos de E.X.B. que o propio Concello outorga. Durante os

meses de xuño, xullo, setembro e outubro, ponse en marcha a Campaña de Bolsas para axudar a resolver tódolos posibles problemas que se presenten ó redor do tema. De tódolos xeitos, aquí ofrecemos un avance dos pasos a seguir para a súa tramitación:

BOLSAS DO M.E.C.

¿QUEEN PODE SOLICITAR UNHA BOLSA DO M.E.C.?

Caiquera estudante que durante o curso académico 1995-96 se veta matricular nalgún dos seguintes estudos:

- Estudos universitarios.
- Curso acceso para maiores de 25 anos, impartido pola U.N.E.D.
- Cursos de adaptación e Complementos de Formación.
- Ensino Superior de Arte Dramática, Grado Superior de Música e Restauración e Conservación de Bens Culturais.
- Estudos de Turismo, cursados na Escola Oficial ou escolas adscritas á mesma.
- Estudos cursados nos Institutos Nacionais de Educación Física.
- Bacharelato Unificado Polivalente (B.U.P.) e curso de Orientación Universitaria (C.O.U.)
- Formación Profesional de 1º e 2º grado e Curso de Ensinanzas Complementarias.
- 3º e 4º cursos de Educación Secundaria Obligatoria.
- 1º e 2º cursos das distintas modalidades de Bacharelato.
- Módulos Profesionais de niveis 2 e 3, ou Ciclos Formativos de grado medio ou superior.
- Estudos correspondentes ós cursos de Reforma Experimental das Ensinanzas Medias.
- Ensinanzas dos grados Elemental e Medio de Música e Danza, Ciclos Formativos de grados medio e superior de Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Aplicadas e Oficinas Artísticas.
- Estudos Religiosos.
- Estudos Militares.
- Estudos de Idiomas cursados en Escolas Oficiais de Titularidade das Administracións Públicas.
- 2º ciclo de Educación Infantil (Centros Privados).

¿CANDO HAI QUE SOLICITA-LAS BOLSAS?

O prazo de presentación de bolsas será ata o 31 de xuño inclusive para os alumnos que superaron o curso na convocatoria de xuño, e ata o 31 de outubro inclusive para os que teñan que facer uso da convocatoria de setembro.

¿ONDE SE FACILITAN, CUMPLIMENTAN E CURSAN OS IMPRESOS?

- Os impresos poden marcarse en calquera estanco.
- Para cumplimentar as solicitudes funcionará, como ven sendo habitual, o Servizo de Información e Asesoramento de Bolsas na Casa da Cultura do Concello.
- Unha vez cubertas as solicitudes, deben presentarse nos Centros Docentes onde os solicitantes cursen os seus estudos no ano académico 1995-96.

Así mesmo, é preciso lembrar que hai dous tipos de impresos:

- Os de «NOVA ADXUDICACION» e
- Os de «RENOVACION».

Deberán presentar unha solicitude de NOVA ADXUDICACION aqueles estudantes que vean realizar algún dos seguintes estudos:

- Nivel universitario.
- 1º e 4º curso, ou os que determinen como inicio de Ciclo no Plano de Estudos.
- Curso acceso a maiores de 25 anos impartido pola U.N.E.D.
- Niveis non universitarios (Bacharelato, C.O.U., F.P.).
- 1º de B.U.P., 1º de F.P.1, 1º de F.P.2 ou curso de acceso, Módulos Profesionais de niveis 2º e 3º, Ciclos Formativos de grado medio e superior e 3º de Educación Secundaria Obligatoria.

As solicitudes de RENOVACION deberán ser presentadas por aqueles alumnos que realicen no curso 1995-96 algún dos seguintes estudos:

- Nivel Universitario.
- 2º, 3º, 5º, 6º curso e Proxecto Fin de Carrera, ou os que se determinen como continuación de Ciclo no Plano de Estudos.
- Nivel non universitario (Bacharelato, C.O.U., F.P.):
- 2º e 3º de B.U.P. e C.O.U.
- 2º e 3º de Formación Profesional de Primeiro Grado.
- 2º e 4º cursos de Reforma Experimental das Ensinanzas Medias.
- 2º e 3º de Formación Profesional (de Ensinanzas Especializadas).
- 1º e 2º de Formación Profesional de 2º grado (Régime Xeral).
- 2º curso dos Módulos de Niveis 2 e 3 ou Ciclos Formativos de grado Medio e Superior.
- 4º curso de Educación Secundaria Obligatoria e 1º e 2º de calquera modalidade de Bacharelato.

BOLSAS DE AXUDA OS ESTUDIOS DE E.X.B. QUE OUTORGA O CONCELLO

¿QUEEN PODE SOLICITAR UNHA BOLSA DE AXUDA?

- Os fillos de pais veciños do Concello de Brión.
- Aqueles que superen o baremo establecido (que será avaliado por unha Comisión nomeada a tal fin) en relación a:
 - a) Capacidade económica familiar.
 - b) Composición familiar.

¿CANDO HAI QUE SOLICITA-LAS BOLSAS?

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de setembro.

¿ONDE SE PRESENTAN AS SOLICITUDES?

As solicitudes presentaranse na Casa da Cultura de luns a venres, de 10 a 14 horas, adxuntando a seguinte documentación:

- Factura do pago dos libros de texto correspondente ó curso 1995-96.
- Fotocopia da Declaración da Renda do último ano correspondente a tódolos que vivan na mesma casa. En caso de non facer Declaración de Renda, haberá que aportar Xustificantes de Ingresos (Nóminas, Recibos de Pensións...).

A grandes trazos, este é o proceso a seguir nas convocatorias de bolsas. De tódolos xeitos, lembrar que na Casa da Cultura atópanse as respostas a tódalas vosas dúbidas.

Pasatempos

PALABRAS ASOCIADAS

(A).- Temos aquí cinco palabras nas que as letras están completamente desordenadas. Catro delas agochan o nome dun INSTRUMENTO MUSICAL; unha delas non. ¿Cal é?

TRMOTAPE
BOBOM
LITAR
XOSAFON
RRAGTAUI

(B).- Dúas destas cinco palabras teñen un significado semellante. ¿Cales son?

DOCENTE
CONSERXE
MESTRE
PORTEIRO
CELADOR

(C).- Unha destas cinco palabras non garda relación coas outras. ¿Cal é?

ANCORA
PROA
BABOR
MASTIL
TEMON

ADIVIÑA

"Ten dentes e non come,
ten cabeza e non é home"

NUMEROS

Substitúe os signos por cifras de tal xeito que a operación sexa correcta. Entendendo que a signos iguais corresponden cifras iguais

$$\begin{array}{r} \bullet \square \square 7 * \blacktriangledown \\ \times 7 \\ \hline \square \square \square \square \blacktriangledown \blacktriangledown 7 \end{array}$$

DOMINO

$$\begin{array}{ccc} \text{A} & \text{B} & \text{C} \\ \begin{array}{|c|} \hline \bullet \bullet \\ \bullet \bullet \\ \hline \end{array} & - & \begin{array}{|c|} \hline \bullet \bullet \\ \bullet \bullet \\ \hline \end{array} & + & \begin{array}{|c|} \hline \bullet \bullet \\ \bullet \bullet \\ \hline \end{array} & = & 13 \\ \\ \text{D} & \text{E} & \text{F} \\ \begin{array}{|c|} \hline \bullet \bullet \\ \bullet \bullet \\ \hline \end{array} & + & \begin{array}{|c|} \hline \bullet \bullet \\ \bullet \bullet \\ \hline \end{array} & - & \begin{array}{|c|} \hline \bullet \bullet \\ \bullet \bullet \\ \hline \end{array} & = & 6 \\ \\ & =14 & =11 & =6 \end{array}$$

Pon os puntos necesarios nas partes brancas de cada ficha, para que sumados dean os resultados que se indican

CADA OVELLA COA SUA PARELLA

Une os seguintes países coas súas respectivas capitais

- | | |
|-----------------|--------------------|
| 1.- Washinton | A.- Checoslovaquia |
| 2.- Caracas | B.- Austria |
| 3.- Praga | C.- Venezuela |
| 4.- Viena | D.- Pioniang |
| 5.- R.D.P Corea | E.- Estados Unidos |

SOLUCION ÓS PASATEMPOS *Altamira 34*

8 5 5 7 3 1 X 7 = 5 9 9 0 1 1 7

NUMEROS

"O alio"

ADIVIÑANZA

A)- TRMOTAPE - BOMBO - (LITAR = ATRIL) - SAXOFON - GUITARRA
B)- DOCENTE = MESTRE
C) BABOR no é unha parte dun barco

(1-E), (2-C), (3-A), (B-C), (E-D)

PARELLA

CADA OVELLA COA SUA

LUNAR

DEDUCCION

D = 4-1; E = 3-2; F = 3-1
A = 6-3; B = 5-1; C = 6-4

DOMINO

FLORES NATURAIS
CARMIÑA
Ramos - Centros - Cordas - Decoración
SERVICIO A DOMICILIO
Producción propia
Cirro - San Salvador de BASTAVALES TLF. 88 87 06
SANTIAGO TLF. 58 38 85

MATERIAIS DE CONSTRUCCION
E. PEDRARES MATO
NINANS - LUAÑA
Teléfono: 899974

CALEFACCION E FONTANERIA
LUIS LOUZAO ANTONIO VIEIRO
Tlf: 594283 Tlf: 531512
SANTIAGO

PANADERIA
SERRAMITO
OS ANXELES - BRION
TELEFONO: 887155

EGOSA
ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
OBRAS PUBLICAS- FIRMES ESPECIALES
FORMARIS S/N Tº: 981-888006- APTº 1057
SANTIAGO DE COMPOSTELA

INDUSTRIAS CASAL
BASTAVALES S.L.
CARPINTERIA - MUEBLES DE COCINA
DORMITORIOS - COMEDORES - TRESILLOS
ELECTRODOMESTICOS - TV - VIDEO
BASTAVALES - BRION Tlf: 88 87 33 - 88 85 99

HISTORIAS E LENDAS DE BRION

AS TORRES DE ALTAMIRA

A HISTORIA das torres de Altamira está unida, coma tantas outras construcións e lugares históricos, con lendas e contos nas que a mestura de realidade e a fantasía forman un corpo común. As lendas de mouros, de trabes de ouro e de pasadizos que comunican lugares moi distantes non faltan na historia popular do noso castelo.

A HISTORIA das torres pérdese nos tempos: están asentadas sobre os restos dun castro de comezos da nosa era. A primeira documentación sitúao no século IX, pervivindo no tempo ata a Revolta Irmandiña do século XV, na que o castelo será derrubado polos cidadáns e campesiños levantados contra o poderio dos nobres. No ano 1471 é levantado de novo co aspecto dun recinto fortificado con seis torres, capelas dos Reis Magos, panteóns...

AS ACTUAIS Torres de Altamira nada teñen que ver coa silueta maxestuosa e inexpugnable que coroaba o outeiro que dominaba o val da Amaía. As innumerables pedras que formaban parte da fortaleza comezaron hai moito tempo un camiño que se perde na memoria das xentes. Os bloques traballados por anónimos canteiros son parte hoxe en día de innumerables construcións, ás veces moi alonxadas da «improvisada» canteira.

O PRIMEIRO posible destino serían as edificacións que rodean o couto do castelo, os valados que serven para deslinda-las fincas ou

as cortes dos animais, recoñecibles polas marcas dos canteiros.

DISE TAMÉN que a familia Bala drón mercara os restos do castelo para logo construí-lo pazo que posúen en Quintáns, no concello de Ames. Asimesmo, a mitra

pozo, aínda visible no castelo, con lugares tan alonxados como o Pico Sacro ou a catedral de Santiago; ou sen ir tan lonxe, chegando á fonte de Boaventura ou á casa de Barbeira. Nas dúas últimas, a explicación lóxica pode ter relación co subministro de augas para as dependencias do castelo ou



tivo algo que ver na desfeita das Torres ó mercalas para a futura construción da capela de Santa Minia.

SEGUINDO no tempo, poderíamos encontrar marcas destes canteiros noutros moitos lugares, sen saber moi ben cal foi o camiño que as levou ata alí.

PERO NON SON só pedras o que forman a historia popular de Altamira: tamén nos atopamos con elementos moitvo máis cercanos á fantasía. Oímos falar de trabes de ouro soterradas nos restos do castelo, de pasadizos subterráneos que unen o

cunha posible unión co pazo de Trasouteiro, que o testamento do primeiro conde de Altamira deixa ó seu escudeiro, chamado Barbeira. Outros restos máis nobres e de certo interese artístico son: unha ara do século XIV ou o retablo da adoración dos Reis Magos ubicados no pazo de Trasouteiro.

CANDO A DEPUTACIÓN se fixo cargo dos restos do castelo, no ano 1973, nos traballos de consolidación das ruínas encontráronse restos dalgún blasón da familia Moscoso.